



CONCELLO DE
OLEIROS

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OLEIROS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO ANO 2025.

1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1. Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Oleiros ás entidades deportivas, ao abeiro da *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 18 de xaneiro de 2021.*

1.2. O obxecto desta convocatoria é o apoio ás entidades deportivas radicadas no Municipio, coa finalidade de que poidan adquirir e/ou renovar os equipamentos necesarios para as súas actividades de adestramento e competición. Deste xeito, o Concello facilitará que ditas entidades poidan mellorar as súas condicións de traballo a efectos de acadar os mellores resultados deportivos.

2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria.

A concesión das subvencións imputarase á aplicación 81.341.78903 (*Deportes. Promoción e fom. Transferencias para investimentos a entidades deportivas*) ata o límite de 30.000 euros.

3. Compatibilidade.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas, en concorrencia con outros ingresos ou recursos, non supere o custe do investimento subvencionado.

4. Requisitos dos beneficiarios.

4.1. Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases as entidades deportivas sen ánimo de lucro, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2024.
- c) Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- d) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- e) Ter domicilio social e fiscal en Oleiros.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- g) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.

4.2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos f) e g) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto.

5. Ámbito temporal



CONCELLO DE
OLEIROS

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

6. Gastos subvencionables:

6.1. Serán gastos subvencionables os que se deriven da adquisición do seguinte material inventariable:

GRUPO 1 : tipos de bens subvencionables:

- Embarcacións de remo (banco fixo e banco móbil) e os seus accesorios.
- Remolques para transporte de embarcacións.
- Vehículos para transporte de material ou deportistas.

GRUPO 2: tipos de bens subvencionables:

- Colchonetas para configuración de tatamis
- Tapices de ximnasia rítmica
- Mesas de tenis
- Altosfalantes subacuáticos
- Pista ou tapiz de esgrima (incluído aparato sinalizador, rulos e alargadeiras)
- Remos de banco fixo ou remo olímpico
- Remoergómetros

6.2. Só se poderá pedir subvención para un dos grupos de bens subvencionables relacionados no apartado anterior.

6.3. Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables: Táboas de surf, paddle surf, windsurf, kitesurf e windfoil, nin embarcacións de vela.

6.4. **Todo o material a adquirir debe ser novo.** Non se subvencionará a adquisición de material usado.

7. Contía das subvencións.

7.1. A contía das subvencións que se concedan non excederá dos seguintes importes:

- a) Investimentos do Grupo 1: 10.000 euros por cada entidade beneficiaria.
- b) Investimentos do Grupo 2: 4.000 euros por cada entidade beneficiaria.

7.2. No suposto de que o importe da convocatoria fose insuficiente para outorgar as cantidades que correspondesen a cada entidade solicitante -en aplicación dos criterios de valoración-, efectuarase unha minoración proporcional nos importes de todos os beneficiarios, ata que o importe total da concesión se equipare ao total da convocatoria.

8. Solicitudes

8.1. Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

O prazo para a solicitude será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto



CONCELLO DE
OLEIROS

desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

8.2. Documentación.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF da entidade e DNI do representante.
- b) Solicitud no formulario normalizado (MODELO 1), que incluirá:
 - ✓ Declaración das outras subvencións solicitadas para o mesmo fin.
 - ✓ Declaración e compromisos da Presidencia da entidade
 - ✓ Material para o que se solicita a subvención e importe da subvención solicitada
 - ✓ Memoria que necesariamente incluirá os seguintes aspectos: Enumeración e descrición de todo o investimento solicitado, número e descrición das actividades deportivas ás que adicará o investimento, localización do investimento (local de custodia e titularidade do local) e número de persoas usuarias do mesmo, explicación da contribución do investimento solicitado ao mellor desenvolvemento das actividades da entidade, xustificación do uso deste investimento para o deporte base e estimación da vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado
 - ✓ Declaración relativa ao número de anos de actividade continuada da entidade.
- c) Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos.
- d) Certificación expedida pola federación autonómica na que consten os datos de número de licenzas por categorías que tivo o club entre o 01/01/2025 e a data de presentación da solicitud, referidas á modalidade deportiva pola que solicita subvención.
- e) Documentación xustificativa da utilización do galego na publicidade e nas relacións coas persoas usuarias. Esta documentación aportarase a efectos da valoración regulada no artigo 9 desta convocatoria.
- f) Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.
- g) Se é o caso, solicitud de autorización da adquisición do material subvencionado a persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade beneficiaria do xeito establecido no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

8.3. Os documentos sinalados nos apartados **a)** e **f)** anteriores non terán que presentalos as entidades que xa achegaran estes documentos por ter solicitado subvención no ano anterior, sempre que non houbo variación ningunha nos datos, agás que se lle solicite expresamente polo órgano instrutor.

8.4. Todos os formularios (anexos) que se xunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

8.5. Autorizacións.- A presentación da solicitud de concesión de subvención comportará a autorización ao Concello para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias coa AEAT e co Concello de Oleiros, así como coa Seguridade Social. En caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados.



CONCELLO DE
OLEIROS

8.6. A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

8.7. Emenda.- Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.8. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

9. Criterios de valoración:

9.1. Os criterios de valoración aplicaranse exclusivamente sobre os datos relativos á disciplina deportiva incluída na solicitude, polo cal toda a documentación acreditativa que se presente polo club (nº de licenzas, categoría, nivel de competición, etc.) referirase exclusivamente a esa disciplina, e non a outras; e abranguerá os datos dunha única Federación.

9.2. A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos que se establecen a continuación.

9.3. A comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

9.4. As memorias coa información das solicitudes deberán contemplar toda a información á que se fai referencia na base 9.6. desta convocatoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

9.5. Non se terán en conta para a puntuación aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente polo solicitante, cando isto fose preciso.

9.6. Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

a) Valoración directa de datos. Ata 55 puntos. Valoraranse de acordo co seguinte baremo:

a.1. Anos de actividade continuada da entidade.- ata 5 puntos (deberá acreditarse achegando copia dos estatutos de creación da entidade, ou documento similar onde conste a data de creación; en caso de que non se aporte dita documentación, tomarase en conta a data de alta no rexistro municipal de entidades)

- ✓ De 6 a 15 anos de actividade continuada.- 1 punto.
- ✓ De 16 a 25 anos.- 2 puntos.
- ✓ De 26 a 35 anos.- 3 puntos.



CONCELLO DE
OLEIROS

- ✓ De 36 a 44 anos.- 4 puntos
 - ✓ Máis de 45 anos.- 5 puntos
 - a.2. Por cada licenza de categorías base.- 0,15 puntos. Ata un máximo de 15 puntos
 - a.3. Por cada licenza de categoría absoluta.- 0,08 puntos. Ata un máximo de 10 puntos
 - a.4. Por cada licenza de categoría veteráns, fitness e outras: 0,05 puntos. Ata un máximo de 5 puntos
 - a.5. Máximo nivel de competición do club.- 10 puntos. Atribuiranse os puntos en función do nivel das competicións nas que se chegou a participar na temporada 2022-2023. Non é necesario que todas as categorías dun club acaden ese nivel de competición; abonda con que se acade nalgunha das súas categorías. Valorarase a participación en competicións oficiais do seguinte xeito:
 - ✓ Estatal: 10 puntos
 - ✓ Autonómico: 7 puntos
 - ✓ Provincial: 4 puntos
 - ✓ Zonal/comarcal: 1 punto
 - a.6. Utilización do galego.- ata 10 puntos. Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite. En caso de que non se alegue ou acredite debidamente este aspecto, a valoración será de 0 puntos.
- b) Xustificación da necesidade do material.- ata 45 puntos.
- b.1.Necesidade real de adquisición do material e contribución do mesmo ao bo desenvolvemento da actividade do club, ata 15 puntos.
 - b.2.Uso do investimento por parte das categorías base do club, ata 10 puntos.
 - b.3.Vida útil ou tempo de aproveitamento do material subvencionado, ata 10 puntos.
 - b.4.Material para a organización e desenvolvemento de actividades deportivas autóctonas ou tradicionais (en liña co artigo 15 da lei do deporte de Galicia, Título III Capítulo I, e en apoio e fomento dos deportes autóctonos).- 10 puntos.

10. Comisión de valoración:

10.1. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas pola Comisión de Valoración, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instructor.

10.2. A comisión conformarase do seguinte xeito:

- Presidenta: Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica
- Presidenta Suplente: Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude



CONCELLO DE
OLEIROS

- Vocais:
 - Técnico Municipal de Deportes
 - Animador deportivo.
- Vocal suplente:
 - Coordinador de actividades educativas
- Secretario/a: Unha traballadora da Unidade Xurídica.

10.3. O *quórum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres persoas, sempre que entre eles se conten a presidenta e a secretaria.

11. Concesión.

11.1. A concesión de subvencións á que se refire esta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

11.2. O órgano instrutor -en base á avaliación efectuada pola Comisión- formulará a proposta de resolución que elevará ao órgano competente para resolver.

11.3. Será órgano instrutor o responsable do servizo de Deportes.

11.4. As subvencións serán concedidas pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica.

11.5. O acordo deberá adoptarse e notificarse no prazo de seis meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

11.6. A concesión será publicada na Sede electrónica e notificada aos clubs beneficiarios.

11.7. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

11.8. A contía a conceder será un importe certo, entendéndose que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total adquisición do material correspondente, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente polo importe que exceda do custo total da devandita actividade. (RLXS, artigo 32.2)

12. Obrigas dos clubs beneficiarios.

Ademais das obrigas que se detallan no artigo 10 da Ordenanza, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

- a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- b) Destinar os bens adquiridos aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos.
- c) Facer publicidade da subvención concedida, que deberá ser do seguinte xeito:
 - ✓ Incorporando ao material en cuestión o logotipo do servizo municipal de deportes,



CONCELLO DE
OLEIROS

- ben serigrafiado, pintado ou en calquera formato que garanta durabilidade e visibilidade. O logotipo terá que ir nun lugar visible e o seu tamaño deberá coincidir co logotipo de maior tamaño dos outros colaboradores.
- ✓ En todo caso, nas páxinas web, redes sociais ou outros medios de comunicación que se utilicen pola entidade, deberá incluírse un anuncio en lugar visible e facilmente accesible onde conste expresamente a concesión dunha subvención para equipamento polo Concello de Oleiros xunto co anagrama deste, e explicita a cantidade concedida e o material afectado.
 - d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.
 - e) Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

13. Xustificación.

13.1. A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á notificación da resolución de concesión.

13.2. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 30 de xaneiro de 2026.

13.3. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

13.4. Todos os formularios (anexos) que se xunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

13.5. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

13.6. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

13.7. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

13.8. O Concello de Oleiros poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención. Neste proceso de control, o concello poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de persoal municipal, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

13.9. Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:

- a) Modelo de xustificación (Formulario 2). Debe incluír:



CONCELLO DE
OLEIROS

- ✓ Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación como mínimo cos datos relativos á descrición do material e a data de adquisición.
 - ✓ Fotografías do material adquirido
 - ✓ Declaración de cumprimento de fins
 - ✓ Certificación acreditativa de que o equipamento—subvencionado foi publicitado de acordo co disposto nesta convocatoria
 - ✓ Declaración de ingresos. Relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou declaración responsable de non ter obtido ningunha, se é o caso. Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar dito dato no intre en que o coñezan, aínda que sexa posterior a dita xustificación.
- b) Certificación dos gastos realizados (Formulario 3)
- c) Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa e xustificante de telos aboados.
- d) Acreditación da publicidade feita.- Deberá aportarse acreditación gráfica (fotografía ou imaxe) do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas nesta convocatoria.

13.10. Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados:

- a) Deberán aportarse os seguintes documentos para xustificar o efectivo pagamento dos gastos xustificadas:
- ✓ No caso de pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - ✓ No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
 - ✓ No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
- b) Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

14. Pago.

14.1. Efectuarase o pago anticipado do 100 por cento da cantidade concedida, reténdose o 20 por cento en concepto de garantía.

14.2. A garantía será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade.

15. Incumprimento das condicións.

15.1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros*.



CONCELLO DE
OLEIROS

15.2. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

15.3. En caso de que non fose adquirido todo o material para o que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe dos investimentos, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

15.4. En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 50% do orzamento subvencionado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, e se considerará á entidade beneficiaria decaída no dereito, polo cal deberá reintegrar o importe anticipado.

16. Devolución a iniciativa do club receptor

En caso de que o beneficiario desexe renunciar á subvención e reintegrar o importe percibido anticipadamente sen mediar previo requirimento do Concello, deberá comunicalo por escrito presentado no Rexistro electrónico municipal; o Concello procederá a emitir unha liquidación que lle será notificada ao solicitante, coa cal poderá proceder ao pagamento.

17. Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a o consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Oleiros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal e serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Non haberá transferencia internacional de datos.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Oleiros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

18. Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola



CONCELLO DE
OLEIROS

Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

19. Recursos

Contra a Resolución que aprrobe a presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante o órgano que a dite recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.